

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

14282 *Real decreto 1172/2015, do 29 de decembro, polo que se modifican o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, o Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, e o Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, regula a normativa básica aplicable en España, correspondente aos réximes de axuda establecidos no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello.

Nese decreto defínense os conceptos de «agricultor activo» e «actividade agraria» e establécense as características da solicitude da axuda anual para o réxime de pagamento básico, o pagamento das prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente, o pagamento para os agricultores mozos, o pagamento a través do réxime simplificado para os pequenos agricultores e os pagamentos asociados, tanto para a agricultura como para a gandaría, xunto á axuda nacional aos froitos de casca e as características do sistema integrado de xestión e control, en aplicación do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello.

Como complemento ao modelo aplicado en España do novo réxime de pagamento básico publicouse o Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, no cal se establecen as condicións sobre a asignación e xestión destes dereitos para o período de aplicación 2015-2020 e o Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac), co obxectivo de establecer os criterios básicos que deben garantir o correcto funcionamento deste instrumento de xestión no marco do sistema integrado de xestión e control e resto de réximes de axuda relacionados coa superficie da política agrícola común.

Tras a posta en marcha do novo sistema de pagamentos directos, e á vista da experiencia adquirida na súa implementación, é preciso introducir diversas modificacións nos mencionados reais decretos, que obedecen a axustes meramente técnicos, coa finalidade de posibilitar a súa mellor aplicación e conseguir maior eficacia na xestión destas axudas.

No título II do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, e referida á figura de agricultor activo, establécense unha serie de aclaracións e puntualizacións, entre as que destacan a clarificación da mención sobre o obxecto social dentro das actividades excluídas e a precisión das condicións para o cálculo do límite de 1.250 euros relacionado coas comprobacións sobre os requisitos de agricultor activo, e a incorporación ao anexo

III dos códigos correspondentes ao imposto sobre actividades económicas (IAE), como elemento para determinar as actividades consideradas como excluídas das axudas.

Adicionalmente, adáptase á interpretación dada pola Comisión Europea a definición de actividade agraria e as condicións de elixibilidade, de tal forma que os criterios aplicables sexan verificables e controlables. Dentro deste marco, considérase o pastoreo como parte da actividade gandeira e modifícanse consecuentemente os artigos 11 e 12 e a lista de actividades de mantemento recollidas no anexo IV.

No pagamento para prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente figura, no artigo 20, a diversificación de cultivos como práctica ambiental vinculada a este pagamento. Procede modificar o citado precepto co obxecto de clarificar algúns aspectos relativos ás mesturas de cultivos e adaptar o período de verificación do cumprimento da diversificación ás orientacións técnicas emitidas pola Comisión Europea.

Con respecto ao pagamento para agricultores mozos establecido no capítulo III do título III, dáse unha nova redacción ao artigo 25 para clarificar os requisitos contidos na letra d), ao deslígalo do marco da asignación de dereitos da reserva nacional e detallar as dúas condicións requiridas, facilitando así a súa comprensión á vez que se axustan tecnicamente estas con base nas recomendacións realizadas ao respecto pola Comisión Europea.

Por outro lado, tamén se fai necesario clarificar e adaptar algúns aspectos moi concretos relacionados con determinadas axudas asociadas do título IV que faciliten a súa xestión e aplicación práctica. Neste tipo de modificacións encóntranse enmarcados os cambios nos réximes de axudas aos agricultores e aos gandeiros, cuxo obxecto é achegar maior claridade e seguridade xurídica na súa xestión.

Desta forma, acométese un cambio en favor da simplificación e mellor comprensión das axudas, de acordo coas iniciativas e prioridades que se están desenvolvendo neste sentido na Unión Europea, que facilita de forma significativa a xestión da axuda asociada para o vacún de leite. Consecuentemente, modifícase o deseño da dita axuda reducindo de catro a dúas as liñas definidas no anexo II e establecendo, na sección 4.^a do capítulo II do título IV, unha degresividade con base en criterios de economía de escala, que se aplicará sobre as explotacións beneficiarias. A modificación no deseño desta axuda non afecta o resto das liñas de axudas nin os límites orzamentarios establecidos no anexo II, tampouco os importes destinados ao sector lácteo, nin a distribución destes entre os potenciais beneficiarios.

No título V concréntanse os límites dos importes de pagamentos directos relacionados coa incorporación no réxime simplificado para pequenos agricultores para axustárense dunha maneira máis precisa ao especificado no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

No artigo 107 modifícanse diversas datas respecto dos prazos en que as comunidades autónomas remitirán a información relativa a pastos permanentes e axudas gandeiras, co obxecto de axustalas á realidade da campaña.

En relación coa axuda nacional aos froitos de casca, establecida na disposición adicional primeira do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, considérase necesario manter, durante un ano máis, esta axuda nacional e equiparar as condicións de cultivos mixtos ás establecidas para a axuda asociada aos froitos de casca e ás alfarrobeiras, co obxecto de unificar os criterios e facilitar a súa xestión.

O anexo VII, sobre a información mínima que debe conter a solicitude única, modifícase co obxecto de adecuarse aos cambios efectuados no articulado e flexibilizar o requisito sobre as declaracións de NIF do cónxuxe do solicitante e do réxime matrimonial, así como o correspondente ao NIF do arrendador ou cedente parceiro. No anexo VIII clarifícanse aspectos relacionados coas limitacións na rotación entre cultivos fixadores de nitróxeno e terras de barbeito, como requisito exixido ás superficies de interese ecolóxico. Por último, no anexo XI inclúese unha nova denominación de orixe protexida (DOP).

O Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, é obxecto, así mesmo, de modificacións técnicas. Así, no artigo 17 prevese, entre os casos de forza maior, a ampliación nos problemas na tramitación da solicitude de axuda, na campaña 2015, que ten como

consecuencia que non se presente esta. De maneira consecuenta, modifícase, en idéntico sentido, o punto 3.b) do anexo V.

En relación coa reserva nacional, flexibilízanse os requisitos de entrada nela dos agricultores mozos, en resposta ás recomendacións realizadas pola Comisión Europea, e establécese como criterio de admisión o da formación e capacitación adecuada. Así mesmo, suprímese o requisito de que os agricultores mozos e os agricultores que se incorporan á actividade agraria dispoñan de superficie vinculada a algún dos sectores incorporado ao réxime de pagamento básico, e recoñécese como excepción ao suposto de que o agricultor non pode ter recibido dereitos da reserva nacional en anteriores asignacións de dereitos de pagamento básico da reserva nacional o relativo ao caso de que a incorporación do mozo á actividade agraria se efectúe mediante un programa de desenvolvemento rural executado en varias fases. Por último, seguindo tamén as recomendacións realizadas pola Comisión Europea, clarifícanse as condicións necesarias para considerar cando un mozo realiza o control efectivo da persoa xurídica a que está vinculado, para que a dita persoa xurídica poida recibir, pola súa vez, o tratamento de «agricultor mozo». Para tal efecto, modifícanse os puntos 3 e 4 do artigo 24 e os puntos 2 e 3 do artigo 25. Pola súa vez, inclúese unha aclaración referente aos casos de forza maior para recibir asignación da reserva nacional no punto 5 do artigo 24.

No artigo 26.2 corríxese un erro material e no artigo 26.4 modifícanse os criterios de prioridade na asignación de dereitos da reserva nacional.

No artigo 27.2 preséntase unha modificación sobre a data de comunicación aos beneficiarios dos dereitos asignados desde a reserva nacional, para a primeira asignación, que se realizará con base nas solicitudes de axuda do ano 2015, para adecuarse ás indicacións regulamentarias.

No artigo 29.3 recóllese un novo caso de cesión de dereitos de pagamento básico que, a pesar de non estar vinculada estritamente á cesión de terras, se asimila a estes casos de cesión de dereitos con terras e, polo tanto, non se lles aplica a peaxe correspondente.

No artigo 30 atrásase o período de comunicación das cesións que se produzan na campaña 2016, para evitar que se comuniquen cesións de dereitos provisionais e non definitivas.

Finalmente, no anexo VI inclúese o modelo de acordo tripartito entre as partes para a cesión dos dereitos de pagamento básico no caso de explotacións coa base territorial arrendada, de tal forma que se poidan asimilar a unha cesión de dereitos de pagamento básico con terras e non se vexan gravados coa peaxe correspondente.

Por último, en relación co Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, é necesario cambiar a localización, no anexo I, da mención á capa de referencia das rexións do réxime de pagamento básico, pois trátase dunha capa alfanumérica e non gráfica.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Pola súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, queda modificado como segue:

Un. O punto 4 do artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«4. Entenderanse por ingresos agrarios os definidos nos artigos 11.1 e 11.2, do Regulamento delegado (UE) n.º 639/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014.

a) En caso de que o solicitante sexa unha persoa física, os ingresos agrarios serán os recollidos como ingresos totais na súa declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, no punto correspondente a rendementos de actividades agrícolas, gandeiras e forestais, en estimación obxectiva e directa.

Cando os ingresos agrarios ou parte destes, debido á pertenza do solicitante a unha entidade integradora, non figuren consignados como tales no punto mencionado anteriormente da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, o solicitante deberá declarar na súa solicitude única a contía dos ditos ingresos percibidos no período impositivo máis recente. Cando a autoridade competente así o determine, o solicitante tamén deberá declarar igualmente os ingresos agrarios dos dous períodos impositivos anteriores. A autoridade competente exixirá todos aqueles documentos que considere necesarios para verificar a fiabilidade do dato declarado. Nestes casos, o solicitante, ademais, deberá consignar na súa solicitude o NIF da entidade integradora correspondente.

En ningún caso poderá haber duplicidade na declaración dos ingresos por parte das persoas físicas integrantes das entidades integradoras anteriores e por estas mesmas, no caso de que sexan tamén solicitantes.

Nos casos en que a actividade agraria se desenvolva no marco de sistemas de integración, os importes facturados pola entidade integradora en virtude dos correspondentes contratos de integración consideraranse como ingresos agrarios do integrado, sempre e cando o integrado asuma o risco da cría dos animais.

b) En caso de que o solicitante sexa unha persoa xurídica ou un grupo de persoas físicas ou xurídicas, deberá declarar na súa solicitude única o total de ingresos agrarios percibidos no período impositivo máis recente. Cando a autoridade competente así o determine, o solicitante tamén deberá declarar igualmente os ingresos agrarios dos dous períodos impositivos anteriores. A autoridade competente exixirá, cando o estime necesario, todos aqueles documentos que considere adecuados para verificar a fiabilidade do dato declarado. Se se trata dunha sociedade civil ou dunha comunidade de bens, a autoridade competente poderá comprobar a coherencia entre os ingresos agrarios declarados polo solicitante e os ingresos recollidos na declaración informativa anual de entidades en réxime de atribución de rendas, correspondentes á actividade agrícola e gandeira.

En calquera caso, e para todos os efectos, as indemnizacións percibidas a través do Sistema de seguros agrarios combinados computaranse como ingresos agrarios.»

Dous. O punto 1 do artigo 9 queda redactado nos seguintes termos:

«1. En virtude do disposto no artigo 9.4 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, os requisitos de agricultor activo establecidos no artigo 10 e no artigo 8.1.a) non se aplicarán a aqueles agricultores que, con base na solicitude única do ano previo, recibisen pagamentos directos por un importe igual ou inferior a 1.250 euros, antes da aplicación das penalizacións ou exclusións derivadas dos controis de admisibilidade ou de condicionalidade, segundo quedan recollidas nos artigos 63 e 91 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento europeo e do Consello.»

Tres. O artigo 10 queda modificado como segue:

a) O punto 1 substitúese polo seguinte:

«1. En virtude do artigo 9.2 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, non se concederán pagamentos directos ás persoas físicas ou xurídicas, ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, cuxo obxecto social, conforme a Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) ou conforme o imposto sobre actividades económicas (IAE) se corresponda cos códigos recollidos no anexo III.»

b) A letra c) do punto 2 queda redactada da seguinte forma:

«c) Que dentro dos seus estatutos figure, antes da data de finalización do prazo de solicitude, a actividade agraria como o seu principal obxecto social.»

Catro. O artigo 11 substitúese polo seguinte:

«Artigo 11. *Actividade agraria.*

1. Conforme o disposto no artigo 3, a actividade agraria sobre as superficies agrarias da explotación poderase acreditar mediante a produción, cría ou cultivo de produtos agrarios, con inclusión da colleita, a muxidura e a cría de animais, ou mediante o mantemento das superficies agrarias en estado adecuado para o pasto ou o cultivo sen ningunha acción preparatoria que vaia alén dos métodos e maquinaria agrícolas empregados de forma habitual. A dita actividade deberase realizar en cada parcela agraria ou recinto agrario que o solicitante declare na súa solicitude.

2. Para cada parcela ou recinto, o solicitante declarará na súa solicitude de axuda o cultivo ou aproveitamento ou, se é o caso, que o recinto é obxecto dun labor de mantemento. Indicarase expresamente na solicitude se sobre os recintos de pastos se vai realizar produción con base no pastoreo ou só mantemento con base nas actividades do anexo IV.

3. O solicitante declarará de forma expresa e veraz na súa solicitude que os cultivos e aproveitamentos, así como as actividades de mantemento declaradas, constitúen un fiel reflexo da súa actividade agraria. Se con motivo dun control administrativo ou sobre o terreo realizado pola autoridade competente, se comproba que non se realizaron os cultivos ou aproveitamentos ou as actividades de mantemento, con declaración falsa, inexacta ou negligente e que, ademais, a dita falta de concordancia condicionou o cumprimento dos requisitos en torno da actividade agraria sobre as superficies, a autoridade competente poderá considerar que se trata dun caso de creación de condicións artificiais para obter o beneficio das axudas e estarán suxeitas ao réxime de penalizacións previsto no artigo 102.

4. As actividades de mantemento en estado adecuado para o pasto ou o cultivo consistirán na realización dalgunha actividade anual das recollidas no anexo IV. Deberase conservar á disposición das autoridades competentes toda a documentación xustificativa dos gastos e pagamentos producidos na realización destas.

5. En casos debidamente xustificadas, por razóns ambientais, as comunidades autónomas poderán establecer que as actividades de mantemento recollidas no anexo IV se poidan realizar cada dous anos.

6. Sen prexuízo dos puntos anteriores e para os efectos do control administrativo, entenderase que os pastos declarados como parte da actividade gandeira do solicitante reúnen os requisitos de actividade agraria se se cumpren as seguintes condicións:

a) Declarar o código ou códigos Rega das explotacións gandeiras de que sexa titular principal, nas que manterá animais de especies gandeiras compatibles co uso do pasto e cuxa dimensión deberá ser coherente coa superficie de pasto declarada.

b) Para os efectos do punto anterior, consideraranse especies compatibles co uso dos pastos, o vacún, ovino, cabrún, equino (explotacións equinas de produción

e reprodución) e porcino, este último soamente en explotacións cualificadas polo seu sistema produtivo como «extensivo ou mixto» no Rega.

c) Así mesmo, a dimensión das explotacións considerarase coherente coa superficie de pastos cando as explotacións teñan, ao menos, 0,20 unidades de gando maior (UGM) por hectárea admisible de pasto asociado. O cálculo realizarase tendo en conta unha media de animais na explotación e a táboa de conversión destes en UGM recollida no anexo V. A autoridade competente terá en conta as particularidades do proceso produtivo nos distintos tipos de explotación gandeira á hora de obter as medias de animais.

Se se verifica o cumprimento da proporción de 0,2 UGM/ha e a compatibilidade das especies gandeiras declaradas co uso do pasto conforme o establecido nas letras a) e b), o beneficiario acreditará directamente a realización de actividade gandeira, sen que sexa necesario levar a cabo ningún outro control administrativo adicional. Non obstante, no marco dun control sobre o terreo, poderase comprobar o estado dos pastos e incluso solicitar ao titular xustificación documental do aproveitamento destes se existen dúbidas sobre o seu posible estado de abandono, segundo queda establecido no punto 7.

Polo contrario, cando se verifique o incumprimento destas condicións, ben porque non se alcance esta proporción ou ben porque o solicitante non sexa titular dunha explotación gandeira inscrita no Rega conforme o establecido nas letras a) e b) anteriores, ou ben porque o solicitante non sexa titular de ningunha explotación gandeira e vaia recibir axudas nas superficies de pastos, entenderase que se están creando artificialmente as condicións para o cumprimento dos requisitos da actividade agraria, salvo que o agricultor presente probas que acrediten, ao menos, algún dos seguintes supostos:

1.º Que a superficie declarada como pastos é obxecto dalgún dos labores de mantemento descritos no anexo IV.

2.º Que realiza actividade de sega en pasteiros e pradarias, destinada á produción de forraxes para o gando.

3.º Que dispón de superficies de pastos en condicións produtivas adecuadas para ser pastoreados.

7. En ningún caso se concederán pagamentos por superficies que se encontren en estado de abandono conforme o recollido no anexo VI.»

Cinco. O punto 2 do artigo 12 queda modificado como segue:

«2. Co obxecto de comprobar se se trata de superficies abandonadas, considerarase como unha situación de risco para efectos de control cando determinadas superficies das parcelas ou recintos de terras de cultivo se declarasen, de forma reiterada, durante tres anos ou máis, en barbeito, ou que nos recintos de pasto arborizado e arbustivo se declarase tamén de forma reiterada, durante tres anos ou máis, unha actividade exclusivamente baseada no mantemento en estado adecuado.»

Seis. O punto 5 do artigo 14 queda redactado nos seguintes termos:

«5. As hectáreas agrícolas que entren na definición de bosque recollida no título VI para efectos das axudas ao desenvolvemento rural, distintas ás establecidas no punto 3, así como a superficie agrícola considerada como bosque para recibir axuda ao desenvolvemento rural con base nos artigos 21, 22, 23, 24, 25, 26 e 34 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, serán admisibles sempre e cando se poida comprobar que existe actividade agraria nelas, e as prácticas agrarias que se realicen non supoñan un dobre financiamento cos requisitos ou compromisos exixibles para percibir axudas ao desenvolvemento rural.»

Sete. O artigo 15 substitúese polo seguinte:

«Artigo 15. *Parcelas agrícolas á disposición do agricultor.*

As parcelas agrícolas de hectáreas admisibles utilizadas para xustificar dereitos de axuda deberán estar á disposición do agricultor, ben en réxime de propiedade, usufruto, arrendamento, parzaría ou asignación por parte dunha entidade xestora dun ben comunal, o día 31 de maio do ano en que se solicita a axuda.»

Oito. O artigo 20 queda modificado como segue:

a) O punto 4 queda redactado da seguinte forma:

«4. Para os efectos do presente artigo, entenderase como cultivo calquera das seguintes acepcións:

- a) O cultivo de calquera dos diferentes xéneros definidos na clasificación botánica de cultivos.
- b) O cultivo de calquera das especies no caso de *Brassicaceae*, *Solanaceae* e *Cucurbitaceae*.
- c) A terra en barbeito.
- d) A herba ou outras forraxes herbáceas.

Os cultivos do inverno e da primavera consideraranse cultivos distintos aínda cando pertencen ao mesmo xénero, así como calquera outro tipo de xénero ou especie que sexa distinto dos anteriores e que sexa expresamente recoñecido como un cultivo distinto pola normativa comunitaria de directa aplicación nun futuro.

No caso de superficies con cultivos mixtos en ringleiras, cada cultivo contabilizarase como un cultivo distinto se representa, ao menos, o 25% da dita superficie. En tal caso, a superficie cuberta por cada cultivo calcularase dividindo a superficie total dedicada ao cultivo mixto polo número de cultivos presentes que cubran, como mínimo, o 25% da dita superficie, con independencia da proporción real de cada cultivo.

Nas superficies cubertas por un cultivo principal intercalado cun cultivo secundario, a superficie considerase cuberta unicamente polo cultivo principal.

As superficies en que se semente unha mestura de sementes consideraranse cubertas por un só cultivo denominado «cultivo mixto» independentemente dos cultivos específicos que conformen a mestura.

Non obstante, cando se poida establecer que as especies incluídas en diferentes mesturas difiren unhas doutras e se trate de mesturas cultivadas tradicionalmente, esas diferentes mesturas de sementes poderanse considerar cultivos únicos distintos, sempre que non se utilicen para o cultivo a que fai referencia a letra b) deste punto.»

b) O punto 5 substitúese polo seguinte:

«5. O período en que se levará a cabo a verificación do número de cultivos e o cálculo das súas correspondentes porcentaxes, segundo o establecido no punto 1, irá do mes de maio ao de xullo, de forma que, maioritariamente, os cultivos se encontren na terra durante este período. Non obstante, as comunidades autónomas poderán axustar o dito período tendo en conta as condicións agroclimáticas da súa rexión. Cando unha explotación estea situada en máis dunha comunidade autónoma con períodos diferentes, a súa superficie verificarase no período que corresponda a cada comunidade onde estea situada e o resultado da verificación efectuada para a superficie de cada comunidade terase en conta no cómputo global. En calquera caso, a mesma superficie de cada recinto contabilizarase unha soa vez por ano de solicitude para os efectos do cálculo das porcentaxes dos distintos cultivos.»

Nove. Dáse unha nova redacción á letra d) do artigo 25 nos seguintes termos:

«d) Tanto para persoas físicas como xurídicas que dispoñan dun expediente favorable de concesión da axuda de primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural, ou que acrediten posuír un nivel de capacitación agraria suficiente, para cuxa determinación se conxugarán criterios de formación lectiva e experiencia profesional, tal e como establece o artigo 4.1.b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, que sexan acordes cos exixidos nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos por cada comunidade autónoma».

Dez. A letra a) do artigo 35 queda redactada como segue:

«a) Empregar semente dalgunha das variedades recollidas no Catálogo común de variedades de especies de plantas agrícolas da Unión Europea, no Rexistro español de variedades comerciais ou que teñan concedida unha autorización de comercialización conforme a Decisión 2004/842/CE da Comisión, do 1 de decembro de 2004, na data de inicio do prazo de presentación da solicitude única. Exceptúanse deste requisito as sementes das especies para as que non existe catálogo de variedades ou está autorizada a súa comercialización sen necesidade de pertenceren a unha variedade determinada.»

Once. A letra a) do punto 2 do artigo 39 queda redactada da seguinte forma:

«a) Ter unha densidade mínima por hectárea de 80 árbores para amendoeira, 150 para abeieira e 30 para alfarrobeira. Para plantacións mixtas das especies admisibles para esta axuda, entenderase que se cumpre con este requisito se as ditas densidades se cumpren, ao menos, para unha das especies, na totalidade da parcela, ou ben se cumpren para a superficie equivalente en cultivo puro de cada especie, caso en que, para efectos da axuda, será a superficie que se compute.»

Doce. O primeiro parágrafo da letra a) do artigo 42 queda redactado da seguinte forma:

«a) Estaren inscritos, ou en proceso de inscrición, nalgunha denominación de calidade das relacionadas na parte II do anexo XI na data de finalización do prazo de presentación da solicitude.»

Trece. O punto 2 do artigo 54, substitúese polo seguinte:

«2. Poderán ser beneficiarios desta axuda os agricultores que produzan algodón que a soliciten anualmente na solicitude única e que teñan subscrito un contrato de abastecemento cunha ripadora autorizada para a entrega do algodón producido. Ademais, as autoridades competentes poderán establecer, ao abeiro do disposto nas normas comunitarias, outros criterios ou requisitos adicionais.»

Catorce. No artigo 55 engádese un novo punto 4, co seguinte contido:

«4. A autoridade competente retirará a autorización, con efectos a partir da campaña de comercialización seguinte, logo de instrución do correspondente procedemento, cando se detecten irregularidades no cumprimento dos compromisos adquiridos pola ripadora como entidade colaboradora neste réxime de axuda.»

Quince. O artigo 58 substitúese polo seguinte:

«Artigo 58. *Obxecto e requisitos xerais.*

1. De conformidade co establecido no artigo 52 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e o Consello, do 17 de decembro de 2013,

concederáse unha axuda asociada aos produtores de determinados sectores que afronten dificultades, co obxectivo de incentivar o mantemento dos niveis de produción actuais.

2. A axuda adoptará a forma dun pagamento anual por animal elixible que cumpra estes requisitos xerais, así como os específicos establecidos en cada caso.

3. Para que un animal poida xerar dereito a percibir algunha das axudas descritas no presente capítulo, deberá estar identificado e rexistrado conforme as disposicións do Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 820/97 do Consello, así como segundo o disposto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro de animais de especie bovina, ou, para o caso das especies ovina e cabrúa, conforme o establecido no Regulamento (CE) n.º 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e as directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE, e conforme o establecido no Real decreto 685/2013, do 16 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa.

4. En todo caso entenderase que un animal cumpre cos requisitos de identificación e rexistro establecidos no punto anterior cando os reúna nas seguintes datas en función do tipo de axuda asociada de que se trate:

a) O 1 de xaneiro do ano de solicitude, para todas as axudas asociadas excepto as establecidas nas seccións 3.ª e 8.ª deste capítulo.

b) O 1 de outubro do ano anterior ao de solicitude, para as axudas asociadas establecidas nas seccións 3.ª e 8.ª deste capítulo.

5. Ningún animal poderá recibir axuda asociada por máis dunha das axudas asociadas establecidas con independencia de que poida reunir os requisitos de elixibilidade simultaneamente para máis dunha delas.

6. A explotación a que pertencen os animais susceptibles de percibiren a axuda deberá cumprir as disposicións establecidas no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

7. Os gandeiros solicitantes das axudas asociadas deberán manter a titularidade das explotacións en que se encontren os animais susceptibles de percibiren a axuda durante as datas en que se determina a elixibilidade destes e, en todo caso, ata a data final do prazo de solicitude de cada ano. Exceptuaranse desta condición os casos de cambios de titularidade da explotación gandeira como consecuencia de sucesión *mortis causa*, xubilacións en que se transmita a explotación a un familiar de primeiro grao, programas aprobados de cesamento anticipado da actividade agraria, incapacidade laboral permanente do titular, fusións, escisións e cambios de denominación ou do estatuto xurídico da explotación, todos eles debidamente notificados e aceptados pola autoridade competente.

8. Para poder recibir algunha das axudas asociadas descritas no presente capítulo, o solicitante deberá cumprir os requisitos que determinan a figura de agricultor activo conforme se especifica no capítulo I do título II deste real decreto.»

Dezaseis. O punto 1 do artigo 60 substitúese polo seguinte:

«1. Concederáse unha axuda asociada aos titulares de explotacións de vacas nutrices, co fin de garantir a viabilidade económica destas explotacións e reducir o risco de abandono desta actividade produtiva.»

Dezasete. O artigo 61 queda modificado como segue:

a) O segundo parágrafo do punto 1 substitúese polo seguinte:

«Para determinar os animais con dereito ao cobramento desta axuda farase unha comprobación dos animais presentes na explotación do solicitante o 1 de xaneiro, outra o 30 de abril e dúas comprobacións máis en datas intermedias que se determinarán, no período comprendido entre estas dúas datas, ambas iguais para todas as explotacións de España. Os animais que computarán serán aqueles presentes nas catro comprobacións realizadas.»

b) O punto 3 substitúese polo seguinte:

«3. As explotacións onde se deberán situar os animais elixibles deberán estar inscritas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) co tipo de explotación «Producción e reprodución» ou tipo «Pasto». No primeiro caso, no nivel de subexplotación deberán estar clasificadas como explotacións de bovino cunha clasificación zootécnica de «reprodución para produción de carne», «reprodución para produción mixta» ou «recrea de xovencas».

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, para efectos de determinar a elixibilidade dos animais con base no establecido no punto 1, teranse en conta os animais localizados en movementos temporais a pastos, feiras e mercados, sempre que fosen convenientemente notificados ao sistema Sitran.»

Dezaioito. O punto 1 do artigo 63 substitúese polo seguinte:

«1. Concederase unha axuda asociada aos titulares de explotacións dedicadas á actividade de ceba de gando vacún co obxecto de garantir a viabilidade económica destas explotacións.»

Dezanove. O artigo 64 substitúese polo seguinte:

«Artigo 64. *Beneficiarios e requisitos xerais.*

1. Non poderán optar a esta axuda os solicitantes que fosen titulares de dereitos especiais en 2014 e que, na solicitude única de cada campaña, non dispoñan de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico.

2. As axudas concederanse por animal elixible e ano. Serán animais elixibles os bovinos entre 6 e 24 meses de idade que fosen cebados entre o 1 de outubro do ano anterior á solicitude e o 30 de setembro do ano de solicitude na explotación do beneficiario, ou nun cebadoiro comunitario, e sacrificados en matadoiro, ou exportados, nese mesmo período. Todos eles deberán estar inscritos no Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais (RIIA), conforme se establece no Real decreto 728/2007, do 13 de xuño.

A determinación do destino dos animais, así como das datas en que os animais entraron na explotación e a data de saída cara aos destinos que dan lugar á elixibilidade, farase a través de consultas á base de datos Sitran. Entre a data de saída a eses destinos e a data de entrada na explotación deberá haber unha diferenza mínima de tres meses para determinar a elixibilidade dos animais.

3. As explotacións onde se deberán situar os animais elixibles deberán estar inscritas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) co tipo de explotación «produción e reprodución» ou tipo «pasto». No primeiro caso, no nivel de subexplotación deberán estar clasificadas como explotacións de bovino cunha clasificación zootécnica de «reprodución para produción de carne», ou «reprodución para produción de leite», ou «reprodución para produción mixta» ou «ceba ou cebadoiro» e serán a última explotación onde se localizaban os animais antes do

seu destino ao matadoiro ou á exportación. No caso dos xatos procedentes doutra explotación, só será válida a última das clasificacións mencionadas.

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, para efectos de determinar a elixibilidade dos animais, teranse en conta os animais localizados en movementos temporais a pastos, feiras e mercados, sempre que fosen convenientemente notificados ao sistema Sitran.

4. Non obstante o anterior, se os animais abandonaron a última explotación con destino a unha explotación intermedia, como un tratante ou centro de concentración, que estean rexistradas como tales no Rega, e destas saen cara ao sacrificio ou á exportación, o titular da explotación en que se localizaron os animais antes do dito movemento á explotación intermedia poderase beneficiar da axuda, sempre que se cumpran todos os requisitos mencionados e non permanezan na explotación intermedia máis de 15 días.

5. No caso de cebadoiros comunitarios, será preciso achegar a documentación que xustifique a pertenza dos socios ao cebadoiro comunitario, o cal deberá cumprir coas seguintes condicións:

a) Que teña entre os seus obxectivos a engorda ou ceba en común dos xatos nados nas explotacións de vacas de cría dos seus socios. Para verificar este dato, as cabezas que darán lugar ao cobramento desta axuda asociada serán só as que nacesen das vacas nutrices da explotación.

b) Que todos os socios que achegan animais á solicitude posúan femias da especie bovina e solicitasen a axuda asociada por vaca nutriz e/ou a axuda ao vacún de leite no ano de solicitude de que se trate.

Os socios que figuren nunha solicitude presentada por un cebadoiro comunitario tamén poderán solicitar esta axuda asociada a título individual. Para efectos do cálculo dos importes unitarios, teranse en conta a suma de todos os animais presentados en ambas as solicitudes. Nestes casos, a axuda concederáse por cada animal elixible que resulte para cada un dos solicitantes (gandeiro/cebadoiro comunitario), e o gandeiro deberá indicar na solicitude que presente a título individual que é socio dun cebadoiro comunitario que solicitou tamén esta axuda asociada, indicando o NIF do dito cebadoiro.

6. Soamente recibirán esta axuda asociada os titulares de explotacións que posúan cada ano un mínimo de 3 animais elixibles.»

Vinte. O punto 4 do artigo 65 queda sen contido.

Vinte e un. A sección 4.^a do capítulo II do título IV substitúese pola seguinte:

«Sección 4.^a Axuda asociada para as explotacións de vacún de leite

Artigo 66. *Obxecto, ámbito de aplicación e dotación orzamentaria.*

1. Concederáse unha axuda asociada aos titulares de explotacións de gando vacún de leite co obxecto de garantir a viabilidade económica destas explotacións e reducir o risco de abandono desta actividade produtiva.

2. A dotación orzamentaria total que se destinará cada ano a esta medida para cada liña de axuda será a que se recolle no anexo II deste real decreto, e empregaráse anualmente tendo en conta o establecido no artigo 59.

3. Dentro desta axuda asociada establécense as seguintes liñas de subvención:

a) Axuda destinada ás explotacións situadas na rexión España peninsular.

b) Axuda destinada ás explotacións situadas na rexión insular e zonas de montaña.

Para estes efectos, entenderanse por zonas de montaña, para cada exercicio, as definidas no Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do

Consello, do 17 de decembro de 2013, e que así estiveren designadas polas comunidades autónomas nos seus programas de desenvolvemento rural vixentes, e por rexión España peninsular todo o territorio peninsular excepto as zonas de montaña.

Nos casos en que a explotación se compoña de máis dunha unidade de produción, situadas en distintas rexións, para determinar a rexión na que se sitúa a explotación do solicitante, atenderase ao número de animais elixibles en cada unha das unidades de produción. A explotación entenderase situada na rexión onde radiquen as unidades de produción que sumen o maior número de animais elixibles, de forma que todos os animais elixibles recibirán o importe correspondente a esa rexión, con independencia de que parte deles estean situados en unidades pertencentes á outra.

Artigo 67. *Beneficiarios e requisitos xerais.*

1. Non poderán optar a esta axuda os solicitantes que fosen titulares de dereitos especiais en 2014 e que, na solicitude única de cada campaña, non dispoñan de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico.

2. As axudas concederanse por animal elixible e ano. Serán animais elixibles as femias da especie bovina de aptitude láctea pertencentes a algunha das razas enumeradas no anexo XIII ou a aquelas razas que a autoridade competente na materia determine como de aptitude eminentemente láctea, de idade igual ou maior de 24 meses na data en que finalice o prazo de solicitude e que se encontren inscritas no Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais (RIIA), conforme se establece no Real decreto 728/2007, do 13 de xuño.

Para determinar os animais con dereito ao cobramento desta axuda farase unha comprobación dos animais presentes na explotación do solicitante o 1 de xaneiro, outra o 30 de abril e dúas comprobacións máis en datas intermedias por determinar, no período comprendido entre estas dúas datas, ambas iguais para todas as explotacións de España. Os animais que se computarán serán aqueles presentes nas catro comprobacións realizadas.

3. As explotacións onde se deberán situar os animais elixibles deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estaren inscritas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) co tipo de explotación «produción e reprodución» ou tipo «pasto». No primeiro caso, no nivel de subexplotación deberán estar clasificadas como explotacións de bovino cunha clasificación zootécnica de «reprodución para produción de leite», «reprodución para produción mixta» ou «recrea de xovencas».

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, para efectos de determinar a elixibilidade dos animais con base no establecido no punto 2, teranse en conta os animais localizados en movementos temporais a pastos, feiras e mercados, sempre que fosen convenientemente notificados ao sistema Sitran; e

b) Ter realizado entregas de leite a primeiros compradores, ao menos, durante 6 meses no período comprendido entre o 1 de outubro do ano anterior ao da solicitude e o 30 setembro do ano da solicitude, ou ter presentado a declaración de vendas directas neste último ano con cantidades vendidas.

Artigo 68. *Requisitos específicos relacionados coas zonas de montaña.*

Nos casos en que a explotación se compoña de máis dunha unidade de produción situada en zonas de montaña e en zonas distintas ás de montaña, para determinar o tipo de zona en que se sitúa a explotación do solicitante, atenderase ao número de animais elixibles en cada unha das unidades de produción. A explotación entenderase situada na zona onde radiquen as unidades de produción que sumen o maior número medio de animais elixibles nas catro datas indicadas no

artigo 67.2, de forma que todos os animais elixibles recibirán o importe correspondente a esa zona, con independencia de que parte deles estean situados en unidades pertencentes a outras zonas.

Artigo 69. *Importe da axuda.*

1. Dentro da dotación orzamentaria destinada ás explotacións de vacún de leite, reservaranse as cantidades que figuran no anexo II para cada unha das liñas de axuda establecidas no artigo 66.3.

2. Os límites cuantitativos aplicables serán os seguintes:

a) Axuda destinada ás explotacións situadas na rexión España peninsular: 598.935 animais.

b) Axuda destinada ás explotacións situadas na rexión insular e zonas de montaña: 245.238 animais.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, segundo a información subministrada polas comunidades autónomas, tal e como se establece no artigo 107.5.d), establecerá anualmente un importe unitario en cada unha das liñas de axuda establecidas. O dito importe unitario será o resultado de dividir cada montante establecido no anexo II entre os animais elixibles en cada caso e tendo en conta a degresividade establecida no seguinte punto.

4. O importe das axudas por animal en cada unha das dúas rexións establecidas será:

a) o importe completo da axuda para os 75 primeiros animais elixibles e

b) o 50 por cento do importe completo para os seguintes animais elixibles na explotación.

Os importes así calculados publicaranse anualmente na páxina web do Fondo Español de Garantía Agraria.

En ningún caso o importe unitario deste pagamento poderá superar os 430 euros por animal elixible.»

Vinte e dous. O punto 1 do artigo 70 substitúese polo seguinte:

«1. Concederase unha axuda asociada aos titulares de explotacións de gando ovino co obxecto de garantir a viabilidade económica destas explotacións e reducir o risco de abandono desta actividade produtiva.»

Vinte e tres. A letra a) do punto 4 do artigo 71 substitúese polo seguinte texto:

«a) Estaren inscritas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) co tipo de explotación «producción e reprodución» ou tipo «pasto». No primeiro caso, no nivel de subexplotación, deberán estar clasificadas como explotacións de ovino cunha clasificación zootécnica de «reprodución para produción de leite», «reprodución para produción de carne» ou «reprodución para produción mixta», e»

Vinte e catro. O artigo 73 queda modificado como segue:

a) O punto 1 substitúese polo seguinte:

«1. Concederase unha axuda asociada aos titulares de explotacións de gando cabrún co obxecto de garantir a viabilidade económica destas explotacións e reducir o risco de abandono desta actividade produtiva.»

b) O punto 3 substitúese polo seguinte:

«3. Créanse dúas rexións: as zonas de montaña, xunto coa rexión insular, e o resto do territorio nacional.

Para estes efectos, entenderanse por zonas de montaña, para cada exercicio, as definidas no Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e que así estiveren designadas polas comunidades autónomas nos seus programas de desenvolvemento rural en vigor.

Nos casos en que a explotación se compoña de máis dunha unidade de produción, situadas en distintas rexións, para determinar a rexión na que se sitúa a explotación do solicitante, atenderase ao número de animais elixibles en cada unha das unidades de produción. A explotación entenderase situada na rexión onde radiquen as unidades de produción que sumen o maior número de animais elixibles, de forma que todos os animais elixibles recibirán o importe correspondente a esa rexión, con independencia de que parte deles estean situados en unidades pertencentes á outra.»

Vinte e cinco. A letra a) do punto 4 do artigo 74 substitúese polo seguinte texto:

«a) Estaren inscritas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) co tipo de explotación «produción e reprodución» ou tipo «pasto». No primeiro caso, no nivel de subexplotación deberán estar clasificadas como explotacións de cabrún cunha clasificación zootécnica de «reprodución para produción de leite», «reprodución para produción de carne» ou «reprodución para produción mixta»; e»

Vinte e seis. O punto 1 do artigo 77 substitúese polo seguinte:

«1. Concederase unha axuda aos titulares de explotacións de gando vacún de leite que mantivesen dereitos especiais en 2014 e non dispoñan de hectáreas admisibles para a activación de dereitos de pagamento no réxime de pagamento básico.»

Vinte e sete. O artigo 78 queda modificado como segue:

a) O punto 2 substitúese polo seguinte.

«2. Non poderán optar a esta axuda os titulares de dereitos especiais que en 2014 tamén fosen titulares de dereitos normais e que declarasen na dita campaña unha superficie igual ou maior de 0,2 hectáreas, excepto que o feito de non dispoñeren de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico se deba á ausencia de hectáreas admisibles determinadas na declaración da solicitude de axudas do ano 2013.»

b) O punto 3 substitúese polo seguinte texto:

«3. As explotacións onde se deberán situar os animais elixibles deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estaren inscritas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) co tipo de explotación «produción e reprodución» ou tipo «pasto». No primeiro caso, no nivel de subexplotación deberán estar clasificadas como explotacións de bovino cunha clasificación zootécnica de «reprodución para produción de leite», «reprodución para produción mixta» ou «recrea de xovencas».

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, para efectos de determinar a elixibilidade dos animais, teranse en conta os animais localizados en movementos temporais a pastos, feiras e mercados, sempre que fosen convenientemente notificados ao sistema Sitran; e

b) Teren realizado entregas de leite a primeiros compradores ao menos durante 6 meses no período comprendido entre o 1 de outubro do ano anterior á solicitude e o 30 setembro do ano de solicitude ou teren presentado a declaración de vendas directas neste último ano con cantidades vendidas.»

- c) O segundo parágrafo do punto 4 substitúese polo seguinte:

«Femias da especie bovina de aptitude láctea pertencentes a algunha das razas enumeradas no anexo XIII deste real decreto, ou aquelas razas que a autoridade competente na materia determine como de aptitude eminentemente láctea, de idade igual ou maior a 24 meses na data en que finalice o prazo de solicitude, e que se encontren inscritas no Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais (RIIA), conforme se establece no Real decreto 728/2007, do 13 de xuño.»

- Vinte e oito. O punto 1 do artigo 80 substitúese polo seguinte:

«1. Concederáse unha axuda aos titulares de explotacións de gando vacún de ceba que mantivesen dereitos especiais en 2014 e non dispoñan de hectáreas admisibles para a activación de dereitos de pagamento no réxime de pagamento básico.»

- Vinte e nove. O artigo 81 queda modificado como segue:

- a) O punto 2 substitúese polo seguinte.

«2. Non poderán optar a esta axuda os titulares de dereitos especiais que en 2014 tamén fosen titulares de dereitos normais e que declarasen na dita campaña unha superficie igual ou maior de 0,2 hectáreas, excepto que o feito de non dispoñeren de hectáreas admisibles sobre as que activar dereitos de pagamento básico se deba á ausencia de hectáreas admisibles determinadas na declaración da solicitude de axudas do ano 2013.»

- b) O punto 3 substitúese polo seguinte texto:

«3. As explotacións onde se deberán situar os animais elixibles deberán estar inscritas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) co tipo de explotación «producción e reprodución» ou tipo «pasto». No primeiro caso, no nivel de subexplotación, deberán estar clasificadas como explotacións de bovino cunha clasificación zootécnica de «reprodución para produción de carne», ou «reprodución para produción de leite», ou «reprodución para produción mixta» ou «ceba ou cebadoiro» e serán a última explotación onde se localizaban os animais antes do seu destino ao matadoiro ou á exportación.

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, para efectos de determinar a elixibilidade dos animais, teranse en conta os animais localizados en movementos temporais a pastos, feiras e mercados sempre que fosen convenientemente notificados ao sistema Sitran.»

- c) O punto 4 queda modificado como segue:

«4. A axuda concederáse por animal elixible e ano. Os animais elixibles polos que poderá percibir o pagamento cada gandeiro en cada ano serán:

Os bovinos entre 6 e 24 meses de idade que fosen cebados entre o 1 de outubro do ano anterior á solicitude e o 30 de setembro do ano de solicitude na explotación do beneficiario ou nun cebadoiro comunitario, e sacrificados en matadoiro, ou exportados, nese mesmo período. Todos eles deberán estar inscritos no Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais (RIIA), conforme se establece no Real decreto 728/2007, do 13 de xuño.

Non obstante o anterior, se os animais abandonaron a última explotación con destino a unha explotación intermedia, como un tratante, ou centro de concentración, que estean rexistradas como tales no Rega, e destas saen cara ao sacrificio ou á exportación, o titular da explotación na que se localizaron os animais antes do dito movemento á explotación intermedia poderase beneficiar da axuda, sempre que os

ditos animais cumpran todos os requisitos mencionados e non permanezan na explotación intermedia máis de 15 días.

A determinación do destino dos animais, así como das datas en que os animais entraron na explotación e da data de saída cara aos destinos que dan lugar á elixibilidade, farase a través de consulta á base de datos Sitran. Entre a data de saída a eses destinos e a data de entrada na explotación deberá haber unha diferenza mínima de tres meses para determinar a elixibilidade dos animais.

No caso de que o solicitante pertenza a un cebadoiro comunitario ao cal leva animais para a ceba, os animais levados ao cebadoiro computarán na axuda asociada deste solicitante, e descontarase para efectos do cálculo dos importes de axuda ao cebadoiro se este for solicitante da axuda establecida na sección 3.^a. No caso de que este último tamén reúna os requisitos para a presente axuda asociada, procederase da mesma forma que a establecida para a axuda asociada da sección 3.^a.»

Trinta. O punto 1 do artigo 83 substitúese polo seguinte:

«1. Concederase unha axuda aos titulares de explotacións de gando ovino e cabrún que mantivesen dereitos especiais en 2014 e non dispoñan de hectáreas admisibles para a activación de dereitos de pagamento no réxime de pagamento básico.»

Trinta e un. O artigo 84 queda modificado como segue:

a) O punto 2 substitúese polo seguinte texto:

«2. Non poderán optar a esta axuda os titulares de dereitos especiais, que en 2014 tamén fosen titulares de dereitos normais e que declarasen na dita campaña unha superficie igual ou maior de 0,2 hectáreas, excepto que o feito de non dispoñeren de hectáreas admisibles sobre as que activaren dereitos de pagamento básico se deba á ausencia de hectáreas admisibles determinadas na declaración da solicitude de axudas do ano 2013.»

b) O punto 3 queda sen contido.

Trinta e dous. Os puntos 1, 2 e 3 do artigo 86 quedan modificados como segue:

«1. Os agricultores que en 2015 posúan dereitos de pagamento básico en propiedade, usufruto ou en arrendamento e o seu importe total de pagamentos directos que percibirán non sexa superior a 1.250 euros quedarán incluídos automaticamente pola autoridade competente no réxime para pequenos agricultores cuxa activación se establece en capítulo IV do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, a menos que expresamente decidan non participar nel, e neste caso deberán comunicalo á autoridade competente antes do 15 de outubro de 2015.

2. Antes do 30 de setembro de 2015, efectuarase un cálculo provisional estimatorio do importe do pagamento de todos os pagamentos directos por produtor e comunicarase a aqueles agricultores aos cales a dita estimación supoña un pagamento non superior a 1.250 euros. Así mesmo, serán informados sobre o seu dereito a decidir non participar no réxime de pequenos agricultores, aínda que cumpran as condicións para iso. Esta comunicación poderá ser realizada por calquera das formas posibles que permita aos beneficiarios o coñecemento dos seus datos, incluída a posibilidade de acceso á base de datos.

3. A partir de 2015, soamente se poderán incorporar novos agricultores ao réxime de pequenos agricultores nos casos en que se lles asignen dereitos de pagamento a través da reserva nacional non vaian percibir máis de 1.250 euros en concepto de axudas directas nos termos establecidos no capítulo III do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de

pagamento básico da política agrícola común, así como aqueles produtores que se incorporen a este réxime a través dunha cesión tal e como establece no capítulo IV do dito real decreto».

Trinta e tres. A letra g) do punto 2 do artigo 89 queda redactada nos seguintes termos:

«g) Bosque ou terreo forestal: para efectos das medidas de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do sistema integrado, todas as superficies obxecto de aplicación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, definidas no seu artigo 5.»

Trinta e catro. O punto 4 do artigo 92 substitúese polo seguinte:

«4. Na solicitude única declararanse todas as parcelas agrícolas que conforman toda a superficie agraria da explotación e que estean á disposición do titular desta, xa sexa en réxime de propiedade, usufruto, arrendamento, parzaría ou asignación de superficies comunais por parte dunha entidade xestora destas, incluídas aquelas polas que non se solicite ningún réxime de axuda. No caso das medidas de axuda por superficie dos programas de desenvolvemento rural, deberase tamén incluír a superficie non agrícola pola que se solicita axuda.»

Trinta e cinco. O punto 5 do artigo 101 queda redactado do seguinte modo:

«5. No caso de que nun control dunha parcela solicitada por dous ou máis agricultores se detecte que un agricultor a declarou intencionadamente na solicitude única sen estar á súa disposición en réxime de propiedade, usufruto, arrendamento ou asignación por parte dunha entidade xestora dun ben comunal, considerarase que está creando as condicións artificiais para a obtención da axuda.»

Trinta e seis. O artigo 107 queda modificado como segue:

a) O punto 2 queda redactado do seguinte modo:

«2. Información sobre pastos permanentes:

Como moi tarde o 15 de outubro do ano de presentación da solicitude, os datos correspondentes aos pastos permanentes determinados e á superficie agraria total que permitan calcular o mantemento dos pastos permanentes segundo se establece no artigo 22.»

b) O punto 5 queda modificado como segue:

1.º A letra c) substitúese pola seguinte:

«c) Respecto da axuda asociada para as explotacións de vacún de ceba a que se refire a sección 3.ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de xaneiro do ano seguinte ao de presentación da solicitude número total de solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento:

- 1.º Cebados na explotación de nacemento.
- 2.º Cebados procedentes doutras explotacións.»

2.º A letra d) substitúese pola seguinte:

«d) Respecto da axuda asociada para as explotacións de vacún de leite a que se refire a sección 4.ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, as solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento en

cada unha das liñas de axuda establecidas no artigo 66.3 e en cada tramo de degresividade establecido no artigo 69.3.»

3.º A letra h) substitúese pola seguinte:

«h) Respecto da axuda asociada para as explotacións de vacún de ceba que mantiveron dereitos especiais en 2014 a que se refire a sección 8.ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de xaneiro do ano seguinte ao de presentación da solicitude, número total de solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento.»

Trinta e sete. A disposición adicional primeira queda modificada como segue:

a) O punto 2 queda redactado da seguinte forma:

«2. Na súa virtude, os agricultores con plantacións de amendoeira, abeleira, nogueira, pistacho e alfarrobeira que cumpran as condicións que se recollen nesta disposición poderán beneficiarse dun pagamento nacional por superficie para os anos 2015 e 2016.»

b) A letra a) do punto 3 substitúese pola seguinte:

«a) Ter unha densidade mínima por hectárea de 80 árbores para amendoeira, 150 para abeleira e pistacho, 60 para nogueira e 30 para alfarrobeira. Para plantacións mixtas das especies admisibles para esta axuda, entenderase que se cumpre con este requisito se as ditas densidades se cumpren, ao menos para unha das especies, na totalidade da parcela, ou ben se cumpren para a superficie equivalente en cultivo puro de cada especie, caso en que para efectos da axuda será a superficie que se compute.»

Trinta e oito. Engádesse unha nova disposición adicional terceira co seguinte contido:

«Disposición adicional terceira. *Zonas de montaña.*

Para os efectos previstos nos artigos 66 e 73 deste real decreto, entenderanse por zonas de montaña as que así estivesen designadas polas comunidades autónomas nos seus programas de desenvolvemento rural vixentes o 1 de xaneiro de cada ano.»

Trinta e nove. Engádesse un novo parágrafo na disposición derradeira segunda, que queda redactada da seguinte forma:

«Así mesmo, o ministro poderá modificar o anexo II, mediante o reaxustamento das liñas de axuda gandeiras, para evitar que as variacións nos parámetros utilizados para o cálculo das axudas poidan alterar o obxectivo destas, sempre que así permita a normativa da Unión Europea.»

Corenta. A táboa do anexo I substitúese pola seguinte:

«Árbores forestais de cultivo curto	Densidade mínima de plantación – Plantas/hectárea	Ciclo máximo de colleita
<i>Eucalyptus</i> (eucalipto)	3.300	18 anos
<i>Paulownia</i>	1.500	5 anos
<i>Populus sp.</i> (chopo)	1.100	15 anos
<i>Salix sp.</i> (salgueiros e vimbios)	5.000	14 anos
<i>Robinia pseudoacacia L.</i>	5.000	14 anos»

Corenta e un. O anexo II queda modificado como segue:

«ANEXO II

Límites máximos orzamentarios

LIÑA DE AXUDA		LÍMITE ORZAMENTARIO (miles de euros)				
		2015	2016	2017	2018	2019 e ano seguinte
Régime de pagamento básico*		2.809.784	2.816.110	2.826.613	2.835.995	2.845.377
Pagamento para prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente		1.452.797	1.455.505	1.460.000	1.464.015	1.468.030
Pagamento suplementario para agricultores mozos		96.853	97.034	97.333	97.601	97.869
Axuda asociada voluntaria	Xatos cebados na mesma explotación de nacemento: España peninsular	12.488	12.488	12.488	12.488	12.488
	Xatos cebados na mesma explotación de nacemento: rexión insular	93	93	93	93	93
	Xatos cebados procedentes doutra explotación: España peninsular	25.913	25.913	25.913	25.913	25.913
	Xatos cebados procedentes doutra explotación: rexión insular	193	193	193	193	193
	Vaca nutriz: España peninsular	187.294	187.294	187.294	187.294	187.294
	Vaca nutriz: rexión insular	451	451	451	451	451
	Ovino: España peninsular	124.475	124.475	124.475	124.475	124.475
	Ovino: rexión insular	3.428	3.428	3.428	3.428	3.428
	Cabrún: España peninsular	5.386	5.386	5.386	5.386	5.386
	Cabrún: rexión insular + zonas de montaña	5.093	5.093	5.093	5.093	5.093
	Vacún de leite: España peninsular	61.714	61.714	61.714	61.714	61.714
	Vacún de leite: rexión insular + zonas de montaña	29.638	29.638	29.638	29.638	29.638
	Dereitos especiais vacún de leite	2.227	2.227	2.227	2.227	2.227
	Dereitos especiais vacún de engorda	1.440	1.440	1.440	1.440	1.440
	Dereitos especiais ovino e cabrún	30.155	30.155	30.155	30.155	30.155
	Remolacha azucreira zona de produción de sementeira primaveral	14.470	14.470	14.470	14.470	14.470
	Remolacha azucreira zona de produción de sementeira outonal	2.366	2.366	2.366	2.366	2.366
	Arroz	12.206	12.206	12.206	12.206	12.206
	Tomate para industria	6.352	6.352	6.352	6.352	6.352
	Froitos de casca e alfarrobeiras: España peninsular	12.956	12.956	12.956	12.956	12.956
Froitos de casca e alfarrobeiras: rexión insular	1.044	1.044	1.044	1.044	1.044	
Cultivos proteicos: proteaxinosas e leguminosas	21.646	21.646	21.646	21.646	21.646	
Cultivos proteicos: oleaxinosas	22.891	22.891	22.891	22.891	22.891	
Legumes	1.000	1.000	1.000	1.000	1.000	
Pagamento específico ao cultivo do algodón		60.841	60.841	60.841	60.841	60.841

* Inclúe o incremento do 3% do límite máximo nacional recollido no artigo 22.2 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013.»

Corenta e dous. O anexo III queda modificado como segue:

a) Engádesse o seguinte título ao inicio do anexo:

«Códigos CNAE ou IAE das actividades excluídas conforme o establecido no artigo 10»

b) Incorporárase un novo punto co seguinte contido:

«Códigos IAE das actividades excluídas conforme o establecido no artigo 10

– Aeroportos:

Sección primeira 74 (transporte aéreo).

– Servizos ferroviarios:

Sección primeira 71 (transporte por ferrocarril).

– Instalacións de abastecemento de auga:

Sección primeira 161 (captación, tratamento e distribución de auga para núcleos urbanos).

– Servizos inmobiliarios:

Sección primeira 833 (promoción inmobiliaria).

Sección primeira 834 (servizos relativos á propiedade inmobiliaria e á propiedade industrial).

Sección primeira 86 (alugamento de bens inmobles) (*)

Sección segunda 721 (axentes colexiados da propiedade industrial e da propiedade inmobiliaria).

Sección segunda 722 (xestores administrativos).

Sección segunda 723 (administradores de predios).

Sección segunda 724 (intermediarios na promoción de edificacións).

– Instalacións deportivas e recreativas permanentes:

Sección primeira 942.2 (balnearios e baños).

Sección primeira 965 (espectáculos (excepto cine e deportes).

965.2 – espectáculos ao aire libre.

965.4 – empresas de espectáculos.

965.5 – espectáculos taurinos.

Sección primeira 967 (instalacións deportivas e escolas e servizos de perfeccionamento do deporte).

967.1 – instalacións deportivas.

967.2 – escolas e servizos de perfeccionamento do deporte.

Sección primeira 968 (espectáculos deportivos).

Sección primeira 979.4 (adestramento de animais e outros servizos de atencións a animais domésticos).

Sección primeira 981 (xardíns, parques de recreo ou de atraccións e acuáticos e pistas de patinaxe).

Sección primeira 989 (outras actividades relacionadas co espectáculo e o turismo. Organización de congresos. Parques ou recintos feirais).

989.3 – parques ou recintos feirais.

(*) Aplicable a persoas xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas.»

Corenta e tres. O anexo IV queda redactado da seguinte forma:

«ANEXO IV

Lista de actividades de mantemento a que se fai referencia no artigo 11

A) *Actividades posibles que se realizarán en terras de cultivo ou cultivos permanentes*

– Labra, que inclúe algunha das prácticas tales como: erguer, subsolar, aricar, arrendar, gradar, esterrear, sacar as pedras, sucar (segundo curvas de nivel que evita a erosión e favorece a penetración da auga no solo, creación de cómaros (separación de parcelas), aporcar (cultivos arbóreos), etc.

– Labor de limpeza en xeral de vexetación espontánea, tanto en herbáceos para evitar mato como en arbóreos limpeza dos bordos dos pés arborizados.

– En cultivos leñosos: aburatemento para posterior plantación, plantación propiamente dita, poda de formación, poda de mantemento, poda de rexeneración, recolección, etc.

B) *Actividades de mantemento para realizar en pastos*

Para pastos arborizados e arbustivos

Admitiranse os seguintes labores sobre os pastos arborizados e arbustivos:

– Labores de roza necesarios para manter o pasto en condicións adecuadas evitando a súa degradación e invasión polo mato.

Para pasteiros e pradarías

Admitiranse os seguintes labores sobre os prados, terras arables (destinadas á produción de herbas e outras forraxes herbáceas) e pasteiros:

– Segar.

– Mantemento dunha adecuada drenaxe para evitar empozamentos.

Para todo tipo de pastos.

– A estendedura de esterco ou fertilización con fins exclusivos de mantemento homoxéneo do pasto en toda ou a maior parte da superficie.»

Corenta e catro. O anexo VII queda modificado como segue:

a) O punto I queda modificado como segue:

1.º O parágrafo 1 substitúese polo seguinte:

«1. A identificación do agricultor: NIF, apelidos e nome do agricultor e, se procede, do seu cónxuxe e réxime matrimonial, se é o caso, ou razón social, data de nacemento se procede, domicilio (tipo de vía e o seu número, código postal, municipio e provincia), teléfono e apelidos e nome do representante legal, se é o caso, co seu NIF. En caso de persoa física, indicación de se a titularidade da explotación é compartida mediante a inscrición no rexistro previo correspondente. Se procede, a comprobación dos datos relativos á identidade será realizada de oficio polo órgano instrutor, se así o autoriza o solicitante. En caso de non presentar a dita autorización, o solicitante deberá achegar o correspondente documento.»

2.º O parágrafo 11 substitúese polo seguinte:

«11. Declaración de todas as parcelas agrarias da explotación, incluídas aquelas para as que non se solicite ningún réxime de axuda, indicando, en todo caso e para cada parcela, o recollido nos puntos 1 a 4 da epígrafe III do presente anexo. Para cada recinto indicárase o réxime de tenza, é dicir, se este é propiedade do solicitante, se o explota en réxime de arrendamento ou parzaría, indicando nestes casos, para recintos maiores de 2 hectáreas, o NIF do arrendador ou cedente parceiro, usufruto ou se se trata dunha superficie comunal asignada por unha entidade xestora desta, caso este en que deberá xuntar a documentación relativa á dita asignación. No caso das axudas por superficie dos programas de desenvolvemento rural incluíranse as superficies non agrícolas polas que se solicita a dita axuda. A indicación do NIF do arrendador ou cedente parceiro poderá non realizarse naquelas comunidades autónomas que teñan implementado un sistema que permita aos propietarios das parcelas indicar que parcelas non poden ser solicitadas ao non estar arrendadas, evitando así a utilización fraudulenta destas.»

b) O punto III queda modificado como segue:

1.º O parágrafo 4 substitúese polo seguinte:

«4. A utilización das parcelas, indicando, en todo caso, o produto cultivado, os pastos permanentes, outras superficies forraxeiras, o barbeito e tipo deste, os cultivos permanentes, as superficies plantadas con plantas forestais de ciclo curto, etc. No caso dos recintos de pastos, indicárase se as parcelas van ser obxecto de produción con pastoreo, sega ou mantemento mediante outras técnicas. No caso das terras de cultivo, se procede, poderase declarar máis dun produto por campaña e parcela, indicando sempre como produto principal aquel que se vaia utilizar para a medida de diversificación establecida no artigo 20. O solicitante declarará de forma expresa que os cultivos e aproveitamentos, así como as actividades de mantemento declaradas, son veraces e constitúen un fiel reflexo da súa actividade agraria.»

2.ª O parágrafo 11 substitúese polo seguinte:

«11. No caso, tanto da axuda asociada aos froitos de casca a que se refire a sección 4.ª do capítulo I do título IV, como da axuda nacional aos froitos de casca a que se refire a disposición adicional primeira, as especies e o número de árbores de cada unha das especies existentes beneficiarias da dita axuda.»

c) O parágrafo 1 do punto IV substitúese polo seguinte:

«1. Declaración do solicitante de que todas as unidades de produción que constitúen a explotación e nas que manterán animais obxecto de solicitudes de axuda ou que deben ser tidas en conta para a percepción destas se corresponden coas incluídas na base de datos informatizada segundo o establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.»

d) O punto V queda redactado da seguinte forma:

«V. Información e documentación adicional.

1. Esbozo das parcelas agrícolas cando o produtor non declare a totalidade dun recinto Sixpac ou cando declare nun recinto produtos diferentes ou variedades distintas dun mesmo produto, sempre que a distinción entre as distintos produtos e variedades teña un impacto na admisibilidade da axuda que se está solicitando. O anterior non será de aplicación no caso de pastos permanentes de uso común e no caso de que a titularidade da parcela sexa en réxime de parzaría.

2. Para a xustificación da actividade agraria establecida no artigo 11, nos casos en que o produtor vaia recibir axudas en superficies de pastos e non sexa titular dunha explotación gandeira inscrita no Rega, conforme o establecido nas letras a) e b) do punto 6 do artigo 11, deberá, cando así o estableza a autoridade competente, presentar probas de que realiza sega ou os labores de mantemento descritos no anexo IV na superficie de pastos declarada.

3. No caso da axuda asociada á remolacha azucreira a que se refire a sección 6.^a do capítulo I do título IV, deberá achegar unha copia do contrato de abastecemento coa industria azucreira.

4. No caso da axuda asociada ao tomate para industria a que se refire a sección 7.^a do capítulo I do título IV, copia do contrato suscrito coa industria que vaia realizar a transformación.

5. No caso da axuda asociada para as explotacións que manteñan vacas nutrices a que se refire a sección 2.^a do capítulo II do título IV, certificado oficial sobre rendemento leiteiro cando sexa necesario.

6. No caso da axuda asociada para as explotacións de vacún de leite a que se refire a sección 4.^a do capítulo II do título IV, xustificación documental que acredite ter realizado vendas directas no ano anterior ao ano de solicitude, para o caso de que a explotación non realice entregas a compradores.

7. No caso das axudas asociadas para as explotacións de vacas nutrices, vacún de leite, ovino e cabrún a que se refiren as seccións 2.^a, 4.^a, 5.^a, 6.^a, 7.^a e 9.^a do capítulo II do título IV, cando o gandeiro realice entregas de leite a un primeiro comprador cuxa residencia ou domicilio social non estea en España, xustificación documental das ditas entregas.

8. Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, cando a autoridade competente teña acceso á documentación exixida neste punto V, eximirase o solicitante da necesidade de presentación da dita documentación, substituíndoa, se é o caso, por unha autorización expresa á autoridade competente para acceder á dita información.

9. Calquera outra información, en concepto «doutra declaración», establecida pola comunidade autónoma para as medidas de desenvolvemento rural no ámbito do Sistema integrado.»

Corenta e cinco. O anexo VIII substitúese polo seguinte:

«ANEXO VIII

Requisitos e condicións que deberán cumprir as superficies de interese ecolóxico establecidas no artigo 24

I. Terras en barbeito

Para que as terras en barbeito sexan consideradas superficies de interese ecolóxico, non deberán dedicarse á produción agraria durante, ao menos, un período de nove meses consecutivos desde a colleita anterior e no período comprendido entre o mes de outubro do ano previo ao da solicitude e o mes de setembro do ano da solicitude. En calquera caso, a dita superficie deberá ser declarada como superficie en barbeito o ano de solicitude en que se pretenda computar como superficie de interese ecolóxico.

Así mesmo, a partir da solicitude única correspondente a 2016, as superficies de barbeito que se pretendan computar como de interese ecolóxico non deberán ter estado precedidas por ningún cultivo fixador de nitróxeno dos incluídos na listaxe do punto seguinte.

II. Cultivos fixadores de nitróxeno

Consideraranse superficies de interese ecolóxico as dedicadas ao cultivo das seguintes especies de leguminosas para consumo humano ou animal: feixón, garavanzo, lentella, chícharo, fabas, fabas lobas, veza, titarros, pedrelo bravo, veza, órobos, alfalfa, herbas da fame, alfalfa, esparceta, sulla, trevo.

Para optimizar o beneficio ambiental que achegan os cultivos fixadores de nitróxeno, estes manteranse sobre o terreo, ao menos, ata o estado que se indica a continuación dependendo do tipo de especie e aproveitamento:

- Ata o estado de madurez leitosa do gran, no caso de aproveitamento para gran;
- Ata o inicio da floración, no caso de aproveitamento forraxeiro anual ou en verde;
- Durante todo o ano, no caso das leguminosas forraxeiras plurianuais, excepto no ano de sementeira e de levantamento do cultivo, que se levarán a cabo conforme as prácticas tradicionais na zona.

Co obxecto de evitar o risco de lixiviación do nitróxeno que presentan os cultivos fixadores de nitróxeno no outono, así como de aproveitar a mellora do solo que se obtén con este tipo de cultivos, deberán ir seguidos, na rotación de cultivos da explotación por algún cultivo que non teña a capacidade de fixar nitróxeno, e non se permite deixar a continuación as terras en barbeito. En particular, a partir da solicitude única correspondente a 2016, as superficies de cultivos fixadores de nitróxeno que se pretendan computar como de interese ecolóxico non deberán ter estado precedidas por outra leguminosa, a excepción das leguminosas forraxeiras plurianuais mentres dure o seu ciclo de cultivo.»

Corenta e seis. O anexo XI substitúese polo seguinte:

«ANEXO XI

Leguminosas e denominacións de calidade acollidas á axuda asociada aos legumes de calidade recollida na sección 5.^a do capítulo I do título IV

Parte I. Leguminosas elixibles.

Garavanzo: *Cicer arietinum*.

Lentella: *Lens sculenta*, *Lens culinaris*.

Feixón: *Phaseolus vulgaris*, *Phaseolus lunatus*, *Phaseolus coccineus*.

Parte II. Denominacións de calidade: agricultura ecolóxica.

Denominacións de orixe protexidas e indicacións xeográficas protexidas:

DOP Judía del Ganxet.

IGP Alubia de La Bañeza-León.

IGP Faba Asturiana.

IGP Faba de Lourenzá.

IGP Garbanzo de Fuentesauco.

IGP Judías de El Barco de Ávila.

IGP Lenteja de La Armuña.

IGP Lenteja Pardina de Tierra de Campos.

IGP Garbanzo de Escacena.

DOP Fesols de Santa Pau.

Outras denominacións de calidade:

Alubia de Guernika.

Alubia de Tolosa.

Alubia Pinta Alavesa.
Garbanzo de Pedrosillo.
Judión de La Granja.
Alubia de Anguiano.»

Corenta e sete. O título do anexo XIII substitúese polo seguinte:

«Razas de vacún a que fan referencia os artigos 61, 67 e 78»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común.*

O Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, queda modificado como segue:

Un. A letra i) do artigo 17 substitúese pola seguinte:

«i) Problemas na tramitación da solicitude de axuda das campañas 2013, 2014 ao 2015 que non sexan responsabilidade do agricultor e que desen lugar á non presentación da dita solicitude. Estes casos deberanse acreditar mediante a presentación dunha certificación da entidade que cometese o erro, asumindo esta a responsabilidade da falta de tramitación da solicitude e, se procede, a documentación que demostre que o agricultor foi compensado, polo seguro de responsabilidade correspondente, polos danos causados. Ademais, o beneficiario deberá ter presentado as solicitudes de axuda correspondentes, ao menos, ás campañas 2011, 2012 e, se é o caso, 2013 ou 2014, ou ben 2013 e 2014, se a non tramitada foi a solicitude única de 2015.»

Dos. O artigo 24 queda modificado como segue:

a) A letra b) do punto 2 queda modificada como segue:

«b) Os agricultores mozos e os agricultores que comecen a súa actividade agrícola, aínda que xa percibisen unha primeira asignación de dereitos de pagamento único a través da reserva nacional 2014, que cumpran os criterios establecidos no presente artigo.»

b) O punto 3, queda modificado como segue:

«3. Entenderanse por agricultores mozos para efectos do disposto neste artigo:

a) As persoas físicas que non teñan máis de 40 anos de idade no ano de presentación da solicitude de dereitos de pagamento básico da reserva nacional e:

1.º Que dispoñan dun expediente favorable de concesión da axuda de primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural ou que acrediten a formación e capacitación adecuada no ámbito agrario, para cuxa determinación se conxugarán criterios de formación lectiva e experiencia profesional, tal e como establece o artigo 4.1.b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, que sexan acordes cos exixidos nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos por cada comunidade autónoma.

2.º Que se instalen por primeira vez nunha explotación agraria como responsables da explotación, ou que se instalasen na dita explotación nos cinco anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación da solicitude única da campaña correspondente á primeira presentación dunha solicitude ao abeiro do réxime de pagamento básico. Para efectos dos puntos 3.a) e 3.b), a primeira

instalación considerárase desde a data de alta no réxime de Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación.

b) As persoas xurídicas, independentemente da súa forma xurídica, se cumpren as seguintes condicións:

1.º Que o control efectivo a longo prazo sobre a persoa xurídica que solicita asignación de dereitos de pagamento básico á reserva nacional corresponda a un agricultor mozo que cumpra o disposto no punto 3.a). Entenderase que un mozo ou un grupo de agricultores mozos exercen o control efectivo sobre a persoa xurídica cando teñan potestade de decisión dentro da dita persoa xurídica, o que exige que a súa participación no capital social da persoa xurídica sexa máis da metade do capital social total desta, e que posúan máis da metade dos dereitos de voto dentro dela.

2.º Cando varias persoas físicas, incluídas as persoas que non sexan agricultores mozos, participen no capital ou na xestión da persoa xurídica, o agricultor mozo estará en condicións de exercer ese control efectivo a longo prazo de forma individual ou en colaboración con outros agricultores. Cando unha persoa xurídica sexa individual ou conxuntamente controlada por outra persoa xurídica, as condicións establecidas no parágrafo anterior aplicaranse a calquera persoa física que exerza o control desa outra persoa xurídica.

Para estes efectos, entenderase que a referencia á «instalación» que se fai no punto 3.a) está feita á instalación dos agricultores mozos que exercen o control da persoa xurídica.»

c) O punto 4 queda modificado como segue:

«4. Entenderanse por agricultores que comezan a súa actividade agrícola para o disposto neste artigo aqueles:

a) Que dispoñan da formación e capacitación adecuadas no ámbito agrario, para cuxa determinación se conxugarán criterios de formación lectiva e experiencia profesional, tal e como establece o artigo 4.1.b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, que sexan acordos cos exixidos nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos por cada comunidade autónoma.

b) Que comecen a súa actividade agraria no ano 2013 ou posteriores, sempre que nos cinco anos previos á data de comezo da nova actividade non desenvolvesen ningunha actividade agraria pola súa propia conta e risco, nin exercen o control dunha persoa xurídica dedicada a unha actividade agrícola. Para estes efectos, o comezo da actividade considerárase desde a data de alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación.

c) Que presenten unha solicitude de reserva nacional para o réxime de pagamento básico como moi tarde dous anos despois do ano natural en que iniciase a súa actividade agrícola.»

d) O punto 5 substitúese polo seguinte:

«5. Considerárase caso de forza maior ou circunstancia excepcional, para efectos da reserva nacional, aquel en que os agricultores non cumpran co artigo 10.1 a), por non teren presentado a súa solicitude única en 2015, e soliciten, posteriormente, dereitos de pagamento básico con cargo á reserva nacional. Cando se produza esta situación, o beneficiario afectado, ou o seu habente dereito, deberá notificar por escrito á comunidade autónoma competente a alegación por causa de forza maior ou circunstancia excepcional que lle impediu presentar a solicitude citada no prazo regulamentario, achegando as probas pertinentes á satisfacción da dita autoridade, dentro dos quince días hábiles seguintes á data en que o beneficiario

ou o seu habente dereito estea en condicións de facelo, segundo o establecido no artigo 4.2, do Regulamento delegado (UE) n.º 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ao sistema integrado de xestión e retirada dos pagamentos e sobre sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade.»

Tres. O artigo 25 queda modificado como segue:

a) O punto 2 substitúese polo seguinte:

«2. Os agricultores que accedan á reserva nacional para o caso de agricultores mozos, ademais das condicións xerais, deberán cumprir, se é o caso, as seguintes condicións específicas:

a) A primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural entenderase realizada cando exista unha resolución favorable de concesión da axuda de primeira instalación, na data de finalización do prazo de presentación da solicitude única.

b) Teren a formación e capacitación adecuadas no ámbito agrario, acordes co exixido nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos por cada comunidade autónoma, acreditadas na data de finalización do prazo de presentación da solicitude única.

c) A instalación débese ter producido no prazo dos cinco anos anteriores á primeira presentación dunha solicitude ao abeiro do réxime de pagamento básico.

d) O agricultor non pode ter recibido dereitos da reserva nacional en anteriores asignacións de dereitos de pagamento básico da reserva nacional, excepto no caso de sentenzas xudiciais firmes ou se a incorporación do mozo á actividade agraria se efectúa mediante un programa de desenvolvemento rural executado en varias fases.

e) O agricultor debe terse incorporado á actividade agraria e estar dado de alta na Seguridade Social na actividade agraria, tal e como establece a lexislación vixente, na data final do prazo de presentación da solicitude de dereitos de pagamento básico da reserva nacional.

f) O agricultor, na solicitude única do ano correspondente á solicitude á reserva nacional, deberá realizar a declaración da explotación onde exerce a actividade agraria e da cal posúe a titularidade ou cotitularidade en réxime de propiedade ou arrendamento.

g) Non ter exercido a actividade agraria nas cinco campañas anteriores á data considerada como da súa primeira instalación.»

b) A letra b) do punto 3 queda modificada como segue:

«b) Teren a formación e capacitación adecuadas no ámbito agrario, acordes co exixido nos programas de desenvolvemento rural desenvolvidos por cada comunidade autónoma, acreditadas na data de finalización do prazo de presentación da solicitude única.»

Catro. O artigo 26 queda modificado como segue:

a) O primeiro parágrafo do punto 2 substitúese polo seguinte:

«2. Nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais:»

b) O punto 4 queda redactado do seguinte modo:

«4. En primeiro lugar, asignaranse os dereitos establecidos nos casos do artigo 24.2, letras a) e c). Se, tras realizar esta asignación existe remanente na reserva, asignaranse os dereitos establecidos nos casos do punto 2.b) do mesmo

artigo, priorizando os titulares dunha explotación en réxime de titularidade compartida, segundo regula a Lei 35/2011, do 4 de outubro, e que estean inscritos no rexistro correspondente para tal efecto e cos titulares que dispoñan dun expediente favorable de concesión da axuda de primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural ou que acrediten ter realizado a súa instalación como agricultor profesional e nunha explotación prioritaria nos termos definidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, mediante a obtención da correspondente certificación dos rexistros existentes nas comunidades autónomas ou do Catálogo xeral do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, aínda cando pola dita instalación non obtivesen axudas, ou ben que solicitasen a catalogación como explotación agraria prioritaria no período da solicitude única en que presenten a súa solicitude de reserva nacional e dispoñan da correspondente catalogación antes da asignación de dereitos.»

Cinco. O punto 2 do artigo 27 substitúese polo seguinte:

«2. As comunidades autónomas comunicarán a asignación de dereitos aos agricultores do seu ámbito antes do 28 de febreiro do ano seguinte ao de presentación da solicitude de dereitos á reserva nacional, excepto no primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento básico, no que esta data será o 1 de abril de 2016. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e comunicase a resolución expresa, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude, de conformidade co establecido no artigo 44.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.»

Seis. Engádese unha letra c) no punto 3 do artigo 29, co seguinte contido:

«c) Nos casos en que a utilización e administración da explotación se transfira entre un arrendatario de terras que finaliza o contrato de arrendamento e o novo arrendatario das ditas terras. Este caso deberá ir asociado á formalización dun contrato de arrendamento de terras entre o propietario destas e o novo titular da explotación citado anteriormente, que probe que existe continuidade na xestión da explotación entre ambos os arrendatarios.

Asimilarase ao suposto anterior o daquelas cesións de dereitos de pagamento básico en que o cedente dos dereitos tivese unha explotación gandeira cunha concesión de pastos comunais na campaña anterior que finalizase na campaña de que se trate, mentres que o cesionario dos ditos dereitos tivese, na campaña de que se trate, unha nova concesión de pastos comunais por parte da mesma entidade xestora para a súa explotación gandeira por, ao menos, o mesmo número de hectáreas que as que deixase de recibir da entidade xestora do pasto comunal ou cedente.»

Sete. O punto 1 do artigo 30 substitúese polo seguinte:

«1. O cedente comunicará a cesión dos dereitos de axuda á autoridade competente ante a que presentase a súa última solicitude única, entregando, xunto á dita comunicación, os documentos necesarios, en función do tipo de cesión elixida, para acreditar esta. O período de comunicación iniciarase o 1 de novembro e finalizará cando termine o prazo de presentación da solicitude única do seguinte ano, aínda que cada comunidade autónoma poderá atrasar o inicio da comunicación de cesións a unha data non posterior á de inicio do prazo de presentación da solicitude única.

No entanto, de forma excepcional, para a campaña 2016, o período de comunicación iniciarase o 1 de febreiro e finalizará cando termine o prazo de presentación da solicitude única da dita campaña para todas as comunidades autónomas.»

Oito. A letra b) do primeiro punto do número 3 do punto referido á documentación particular do anexo V substitúese pola seguinte:

«b) Non presentación da solicitude única en 2013 ou en 2015 por causas atribuíbles á entidade colaboradora.»

Nove. Engádesse o seguinte modelo ao final do anexo VI:

«MODELO DE ACORDO TRIPARTITO ENTRE AS PARTES PARA A CESIÓN DOS DEREITOS NO CASO DE EXPLOTACIÓNS COA BASE TERRITORIAL ARRENDADA.»

Para os casos en que a utilización e administración da explotación se transfira entre un arrendatario de terras (1) que finaliza o contrato de arrendamento e o novo arrendatario das ditas terras (2), débese asociar a cesión dos dereitos de pagamento básico á formalización dun contrato de arrendamento de terras entre o propietario destas (3) e o novo titular da explotación citado anteriormente (2), que probe que existe continuidade na xestión da explotación entre ambos os arrendatarios.

Nestes casos, de maneira conxunta co modelo de cesión de dereitos que se vai establecer entre 1 e 2, débese asinar de forma simultánea o seguinte acordo de arrendamento das terras da explotación entre o propietario das terras (3) e o novo arrendatario (2), que é o cesionario dos dereitos:....., NIF (3) en calidade de arrendador, mediante a sinatura do presente documento, acorda transferir a....., NIF (2), en calidade de NOVO arrendatario, a relación de parcelas que a continuación se detallan e que estiveran baixo contrato de arrendamento, agora expirado, baixo a titularidade de....., NIF (1)

Referencia Sixpac	Municipio	Número de hectáreas

Os abaixo asinantes declaran que os datos e a documentación que achegan son certos,

En..... o..... de 201.....

O propietario (3),

Asdo.:.....

A parte arrendataria (1) que finaliza a relación contractual co propietario

Asdo.:.....

O arrendatario (2),

Asdo.:.....

Documentación anexa:

Documento de finalización de arrendamento

Escritura pública ou documento privado liquidado dos impostos que gravan o arrendamento de predios rústicos.

Outros documentos que especificarán os interesados.....»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.*

O punto 1 do anexo I do Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas queda modificado como segue:

Un. A letra f) do subpunto 1 queda sen contido.

Dous. O primeiro parágrafo de subpunto 2 substitúese polo seguinte:

«A base de datos alfanumérica contén a seguinte información mínima de cada un dos recintos: códigos de identificación, superficie, coeficiente de admisibilidade en pastos, perímetro, código de uso asignado, incidencias detectadas na subdivisión, coeficiente de regadío, pendente media, elixibilidade, número de árbores de froitos de casca por especies (amendoeira, alfarrobeira, abeleira, nogueira e pistacho) e rexión do réxime de pagamento básico (segundo se definen no artigo 7 do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común), así como outra información que se determine na mesa de coordinación.»

Disposición transitoria única. *Validez das comunicacións das cesións de dereitos á Administración.*

Non obstante o previsto no punto sete do artigo segundo deste real decreto, as comunicacións das cesións de dereitos de axuda presentadas desde o 1 de novembro de 2015 ata a entrada en vigor deste real decreto, consideraranse como validamente presentadas para efectos da súa tramitación e resolución correspondente.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016, salvo o previsto no punto trinta e oito do artigo primeiro e o punto sete do artigo segundo, que entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA